

AER NON PARTICIPARÁ NA ELECCIÓN DO PERSOEIRO DO ANO ANTE O DESINTERESE DO GOBERNO LOCAL DO PP



No ano 2016, a Concellería de Cultura púxose en contacto cos diferentes grupos políticos para propoñer unha **reformulación do Regulamento** de elección do persoeiro do ano. Dende AER estábamos de acordo na necesidade desa modificación, e en abril de 2017 fixéronse as oportunas achegas para a modificación do regulamento dende un punto de vista máis participativo e máis amplo nas homenaxes. Así pois, **AER procedeu a facer as seguintes aportacións:**

- Que o recoñecemento non se quede unicamente na posibilidade de homenaxear a unha persoa particular concreta, senón que se poidan propor **colectividades e entidades** relevantes polo seu labor en Redondela (entidades, asociacións, grupos de persoas relevantes, grupos de persoas anónimas que realizaron acción relevante co tempo, etc).
- Establecer un procedemento amplamente **participativo**, tanto á hora de propoñer como á hora da elección. Por participativo referíndose a que poidan facer aportacións todo tipo de entidades, asociacións, institucións e os cidadás/áns particulares en xeral.
- Axudarse dos diferentes **consellos** existentes (parroquiais, muller, educación, etc) para canalizar e potenciar a participación no proceso.
- Que se establezan as oportunas canles para que poida participar aqueles veciños que o desexen no proceso de votación, xa sexa por **medios dixitais** ou o medio/s estipulado/s máis oportuno, evitando a duplicidade de votos de persoas ou asociacións.
- Que a comisión de avaliación se limite a avaliar a conformidade das propostas coa normativa que regula o proceso.
- Que previamente ao inicio do proceso de elección, o Concello **difunda** as diferentes propostas de xeito obxectivo, documentado e equitativo.

Hai uns días o Concello procedeu á convocatoria para a elección do persoeiro do ano 2018 **sen ter en conta ningunha das aportacións realizadas pola Agrupación de Electores de Redondela**. Esta situación marca claramente o desinterese da Concellería de Cultura en tomar en consideración as propostas e aportacións realizadas polos demais grupos da corporación, e en concreto de AER.

Por estes motivos, e ante o desinterese amosado polo goberno local ás numerosas aportacións de AER en prol de mellorar o servizo á cidadanía e dinamizar iniciativas que non terminan por calar, **a Agrupación de Electores non participará do procedemento de elección do persoeiro/a do ano.**

Redondela, 30 de xaneiro de 2018